


CONCELLO DE SANTIAGO

Compostela 2010

# AS FESTAS DO ANO SANTO 2010

Chegan as Festas do Apóstolo, que cada ano agardamos os composteláns como remate dun curso tanto escolar e universitario como laboral. Estas son as nosas verdadeiras festas de verán, que compartimos con todo o mundo. As festas do Apóstolo abren para moitos as portas das vacacións. É habitual que milleiros de composteláns agarden ao remate destas celebracións para saír da cidade e coñecer mundo ou buscar outros lugares de lecer. Pero, ao mesmo tempo, son o cartel de reclamo para a chegada de milleiros de forasteiros, turistas ou peregrinos que inician a súa visita desde Compostela a toda Galicia.

Nesta ocasión celebramos un novo Ano Santo Compostelán que está congregando na cidade a milleiros de persoas de todo o mundo e que terá un fondo impacto internacional coa anunciada vista do Papa Benedicto XVI o vindeiro seis de novembro. Deberemos agardar ata o 2021 para celebrar novamente esta efeméride cando outra volta o 25 de xullo caia en domingo. Pero desde aquí xa anunciamos que este paréntese de celebracións que tanto benefician ó turismo da cidade, non será un tempo baleiro. Estamos a preparar xa a conmemoración do 800 aniversario da consagración da Catedral, que terá lugar o vindeiro ano e outras citas culturais de grande importancia para Compostela.

Por fortuna o turismo xa non é un fenómeno estacional de verán en Santiago nin se limita a fenómenos relevantes como o Xacobeo. Coas políticas desenvolvidas polo Concello conseguimos que a nosa cidade sexa un punto de destino practicamente todo o ano, pero non debemos esquecer que a poboación visitante se multiplica este ano dun xeito considerable. O noso empeño ha de ser multiplicar tamén a nosa capacidade de acollida, a nosa capacidade de compartir, a nosa capacidade de recibir con amabilidade os visitantes.

Convidamos a propios e estraños a compartir estas xornadas festivas arredor do Día do Apóstolo. Unhas festas que na presente edición, aínda sendo froito da austeridade por mor da crise internacional, amosan un excelente programa festivo cunha gran variedade de rexistros, espectáculos para todos os gustos e idades, actividades lúdicas e culturais, espazos para o lecer e a convivencia. Un programa espléndido e diversificado como corresponde a unha cidade plural e dinámica como a nosa.

Felices festas.



Xosé A. Sánchez Bugallo

Alcalde de Santiago de Compostela

Festa e gozo en cada lousa de Compostela é o que nos espera nestes días en que chegamos á nosa efeméride por excelencia. O ano xubilar e xacobeo trae a Santiago, máis ca nunca, a milleiros de peregrinos e turistas, aos que agasallaremos coa nosa hospitalidade e un variado menú festivo. Rúas, prazas e recantos acollerán concertos e espectáculos para todos os gustos.

Os santiagueses estaremos mesturados cos visitantes que recibimos de todas as partes do mundo. Porque universal é o Camiño de Santiago, universal é o cartel das Festas do Apóstolo 2010. Os peregrinos que chegan masivamente á nosa catedral por todas as rutas acubillan un millón de emocións, para os que temos reservados un millón de aplausos, porque a urbe toda será unha ovación constante.

Con inusitada expectación nos emocionaremos cos fogos tradicionais do 24 e 31, que este ano singular terán unha réplica menor todas as noites na praza do Obradoiro entrámbalas datas. Músicas de todos os xéneros e formatos

configuran un rico pentagrama que elevará a participación cidadá. Espectáculos tradicionais e de vangarda completan o programa de festas a ton con adultos e con mozos, cos de aquí e cos de fóra.

Serán dezaséis días de festa nos que o meu principal desexo é que todos gocemos e sexamos tan ledos como cando nos xuntamos amoreadamente na praza Roxa para compartir o título de campioa do mundo que conseguiu a selección española de fútbol.

É ano santo en Santiago e Santiago celébrao con esplendor.

Benvidos ás festas do Apóstolo
e saúde para todos.

Xosé Baqueiro
Concelleiro de Festas de Santiago





# 16 VENRES

## 23.00 h.

### Pregón

desde os balcóns do *Pazo de Raxoi* a cargo de

**Yolanda Castaño** e **Jorge Mira**



Yolanda Castaño e Jorge Mira

### Concerto Melendi

(40 principales-Xacobeo 2010)

Teloneiro:

**Martynez**

*Praza do Obradoiro*

Entrada libre



Martynez

## 23.30 h.

### Inauguración

**Espiritu Latino**

na carpa instalada *Paseo Central da Alameda* con música e baile latinos, capoeira, djs e os grupos **Cuba-Son** e **Café Brasil**



Melendi



# 17 SÁBADO

## 17.00 h.

**Semifinais do**
**IV Campionato de chave feminino**
e do
**XXXII Campionato de chave masculino**
*Paseo da Ferradura*

## 19.00 h.

**Concurso de traxes de época e automóbiles antigos**
*Praza das Praterías*



## 20.30-3.30 h.

**Espíritu Latino**
*Paseo Central da Alameda*

### 21.00 h.

**Clases de bailes latinos**
Entrada libre

### 24.00 h.

**Capoeira** con **Nagó**

## 22.30 h.

**Xornadas de folclore galego**

CANTIGAS E AGARIMOS (Santiago)

OS XEITOSOS DE TRAZO (Trazo)

MEATZALDEKO HARRIGORRIA (Gallarta - Vizcaya)

*Praza da Quintana*



# 18
## DOMINGO

### Festa do escalo en Chaián
**XXXVI Concurso de pesca de ciprínidos**

### 12.00 h.
**Concerto:**
**Banda Municipal de Música**

**Enrique Melio** (pd) de *S. Couceiro*

**Der Freistchütz** (abertura) de *C.M. von Weber*

**O hóspede do sevillano** (selección) de *J. Guerrero*

**Campos xerezanos** (apunte sinfónico) de *G. A. Beigbeder*

**Carmiña** de *T. Blanco*

*Rúa do Vilar*

### 12.00 h.
**Concentración de coches antigos**

*Praza do Obradoiro*

### 18.00 h.
**Títeres Cachirulo:**
**Especial 25 aniversario**

*Praza do Toural*

### 20.30-3.00 h.
**Espíritu Latino**

*Paseo Central da Alameda*

**21.00 h.**
**Clases de bailes latinos**
Entrada libre

### 22.30 h.
**Xornadas de folclore galego**

BRINCADEIRA (Santiago)

COLEXIATA DO SAR (Santiago)

RANCHO FOLCLÓRICO DE FAFE (Fafe - Portugal)

*Praza da Quintana*








BStudiodanza

## 21.30 h.

### Compañía de danza contemporánea BStudiodanza

**Danza urbana: Mulier**

*Praza das Praterías*

## 20.30 h.

### Espíritu Latino

*Paseo Central da Alameda*

## 21.00 h.

### Clases de bailes latinos

Entrada libre





# 20 MARTES

## 20.30-3.00 h.

**Espíritu Latino**

*Paseo Central da Alameda*

**21.00 h.**

**Clases de bailes latinos**

Entrada libre

## 23.00 h.

**Vía Stellae**

**V Festival de Música de Compostela e os seus Camiños:**

**O´Stravaganza**

*Youenn Le Berre,* director

**Dolce & Tempesta**

*Stefano Demicheli,* director

A noite folk

Fantasía irlandesa sobre Vivaldi e as músicas célticas irlandesas

*Praza do Irmán Gómez (praza dos Bombeiros)*

Dolce & Tempesta








## 23.00 h.

**Nova Galega de Danza**

**Tradicción**

Xacobeo 2010

*Praza da Quintana*



## 20.30 h.

**Espíritu Latino**

*Paseo Central da Alameda*

### 21.00 h.

**Clases de bailes latinos**

Entrada libre

# 22
## XOVES


Compañía de Aída Gómez

## 19.30 h.
### Banda Municipal de Música

**Taragoña**
(pd) de *J.J. Ces*

**Lakmé** (fantasía)
de *L. Delibes*

**A lenda do bico**
(selección) de *R. Soutullo/J. Vert*

**O príncipe Igor**
(danzas guerreiras)
de *A. Borodin*

**Brincadeira**
(muiñeira) de *H. Saavedra*

*Rúa do Vilar*

Banda Municipal de Música



Charco

## 22.30 h.
### Compañía de Aída Gómez:
**Carmen** *de Bizet*

Dirección artística e coreográfica:
*Aída Gómez*

Dirección de escena:
*Emilio Sagi*

Cadeira: 25 €

De pé (grada): 20 €

Venda de billetes:
www.caixanova.es

Taquilla telefónica:
902 504 500

*Praza da Quintana*

## 20.30 h.
### Espíritu Latino
*Paseo Central da Alameda*

**21.00 h.**
**Clases de bailes latinos**
Entrada libre

**24.00 h.**
**Capoeira** con **Nagó**

## 24.00 h.
### Música no Toural
### Charco



# 23
## VENRES

## 23.00 h.
### Compostela Festival
### Bebe

en concerto

Anticipada: 5 €

Taquilla o mesmo día: 8 €

Venda de billetes:
www.caixagalicia.es

Taquilla telefónica:

902 434 443

*Praza da Quintana*

## 24.30 h.
### Música no Toural
### Cuba-Son



Bebe





# 24
## SÁBADO



**12.00 h.**

**Encontro de xigantes e cabezudos de Santiago**

*Praza da Quintana*

**Sesión de pirotecnia entre o Cabido e o Concello**

**Animación de rúa**

**Grupos de gaiteiros**



**12.30 h.**

**Encontro pequeno entre xigantes e cabezudos**

*Praza do Toural*



## 23.30 h.

### Espectáculo extraordinario de luz e son

**Queima da fachada gótica**

Pirotecnia Caballer

(Consorcio da Cidade de Santiago)

*Praza do Obradoiro*

## 23.30 h.

### Orquestras na Alameda

Orquestra

**Gran Canaria**





Lamatumbá



Víctor Aneiros

## 24.00 h.

### Compostela Festival

**Lamatumbá**

en concerto

*Praza da Quintana*

Entrada libre

## 01.00 h.

**Víctor Aneiros**

(blues)

### Brétemas da memoria

*Praza do Toural*



# 25 DOMINGO

# DÍA DO APÓSTOLO



Milladoiro

## 10.00 h.
**Procesión do Padroado do Apóstolo Santiago**

**Ofrenda Nacional ó Apóstolo na S.A.M.I. catedral**

## 12.30 h.
**Pasarrúas**

**Cabezudos**

**Grupos de gaiteiros**

## 13.00 h.
**Animación de rúa**

**Grupos de gaiteiros**

## 22.30 h.
**Orquestras na Alameda**

Orquestra **Charleston**

## 22.00 h.
**Compostela Festival**

**Milladoiro**

en concerto

**“30 anos desde Maeloc”**

*Praza da Quintana*

Entrada libre

## 23.30 h.
**Espectáculo de luz e son**

*Praza do Obradoiro*



## 24.00 h.
**S.E.M. Big Band**

*Praza do Toural*

S.E.M. Big Band




## 22.00 h.

### Compostela Festival

### Amen Gospel Choir

(Mississippi)

Director: *David Curry*

Prezo único:
8 euros

Venda de billetes:
www.caixagalicia.es

Taquilla telefónica:
902 434 443

*Praza da Quintana*



Amen Gospel Choir

## 23.30 h.

### Espectáculo de luz e son

*Praza do Obradoiro*





# 27
## MARTES



## 22.00 h.
## Elvis Costelo - Diana Krall

Entrada silla: 30 €

Entrada grada: 20 €

Venda de billetes: www.elcorteingles.es

Taquilla telefónica: 902 400 222

*Praza da Quintana*

Xacobeo 2010



## 23.30 h.
**Espectáculo de luz e son**

*Praza do Obradoiro*



CrazyPonys

## 23.30 h.
**Música no Toural**

**CrazyPonys**

(tributo á música de Neil Young)



# DÍA DE PADRÓN EN SANTIAGO

# 28 MÉRCORES



## 22.30 h.
## Mark Knopfler

*Multiusos Fontes do Sar*

Xacobeo 2010

Organiza:

Multiúsos Fontes do Sar

## 23.00 h.
## Música no Toural
**Esguince**




## 23.30 h.
## Espectáculo de luz e son

*Praza do Obradoiro*




## 19.30 h.
### Concerto
**Banda municipal de música**

**Faustino Rozalén** (pd) de *X. Carlos Seráns*

**Alborada de Carril** de *F. Landín*

**Aida** (escena e gran marcha) de *G. Verdi*

**1812** de *P.I. Tchaikowsky*

**A boda de Luís Alonso** de *G. Giménez*

*Rúa do Vilar*

## 23.30 h.
**Espectáculo de luz e son**

*Praza do Obradoiro*

## 1.00 h.
### Música no Toural
**Nightlosers + Flirt**

música e mimo (Rumanía)

*Praza do Toural*

Colabora: Instituto Cultural Rumano



Nightlosers + Flirt






Pereza

## 22.00 h.

### Compostela Festival

### Pereza

en concerto: **Aviones**

Teloneiro: 84

Anticipada: 15 euros

En taquilla o mesmo día: 18 euros

Venda de billetes: www.servicaixa.com

*Praza da Quintana*

## 23.30 h.

### Espectáculo de luz e son

*Praza do Obradoiro*

## 24.00 h.

### Música no Toural

**Trigon + Nightlosers + Flirt**

(Rumanía)

*Praza do Toural*

Colabora: Instituto Cultural Rumano



# 31
## SÁBADO

### 10.00 h.
**Campionato galego de patinaxe artística sobre rodas**

Categorías alevín e infantil

Organiza: Club de Patinaxe Compostela

Convoca: Federación Galega de Patinaxe

*Pavillón Municipal de Vite*





## XXXI Día do traxe

### 11.30 h.
**Concentración de persoas ataviadas con traxes tradicionais galegos**

*Alameda*

### 12.15 h.
**Desfile** polas *rúas da zona monumental* ata a *Praza do Obradoiro*

### 13.00 h.
**Misa solemne e ofrenda anual ó Apóstolo**

### 14.00 h.
**Recepción de honra**

*Concello de Santiago*

### 16.00 h.
**Concentración de participantes no certame de traxes**

*S. Domingos de Bonaval*

### 19.30 h.
**Desfile de traxes tradicionais** desde *Bonaval* ata a *Quintana*

### 20.00 h.
**Exhibición e concurso de traxes** na *Quintana*

A continuación **entrega de premios**



## 23.00 h.

**Fogos fin de festa**

*Escalinata do Campus Universitario*

(Pirotecnia Caballer)

## Jean-Michel Jarre

*Praza do Obradoiro*

Xacobeo 2010

## 23.15 h.

**Orquestras na Alameda**

**Orquestra Trovadores**

## 24.30 h.

**Música no Toural**

**Liridade Noctámbula**

## 01.00 h.

**Son Tres**

Música tradicional cubana

*Praza de San Paio de Antealtares*



Jean-Michel Jarre

CONCELLO DE SANTIAGO

Compostela 2010



# apóstolo 2010

XACOBEO 2010 Galicia

CONSORCIO DE SANTIAGO

DEPUTACION DA CORUÑA

Aquagest

Coca-Cola

Estrella Galicia

GADIS